

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE VALORIZACIÓN ENERXÉTICA DA BIOMASA (AVEBIOM) PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA BIOMASA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Asociación Española de Valorización Energética da Biomasa (AVEBIOM) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día da sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A difusión de forma conxunta das posibilidades técnicas, de integración, económicas e financeiras das distintas opcións de uso da biomasa térmica na edificación entre os cidadáns, levando a cabo accións de divulgación, todo isto no marco das actividades que AVEBIOM desenvolve para a promoción da biomasa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Xunta de Galicia levou a cabo con anterioridade accións dirixidas a promocionar a utilización da biomasa en edificios con axudas a particulares para proxectos térmicos de biomasa e con subvencións ós proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipos térmicos de biomasa.

Neste momento, o Inega considera necesario actuar sobre o conxunto da poboación galega, xa que é necesario difundir o coñecemento desta tecnoloxía por ser cada cidadán un potencial usuario ou elemento a ter en conta á hora de tomar unha decisión



e que AVEBIOM é o mellor instrumento para elo xa que é a asociación que máis amplamente representa ó sector da biomasa térmica en edificios en España.

Es por eso que as actuacións de AVEBIOM enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu parágrafo c), da Lei de 9/2007, del 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de marzo de 2016

